

A nova monarquía dos Reis Católicos.

Unión dinástica. Reorganización político-administrativa.

Os Reis Católicos promoveron o reforzamento da autoridade real nos seus dominios, sentaron as bases do Estado moderno en España e definiron algúns dos trazos fundamentais da Monarquía Hispánica durante o Antigo Réxime.

A unión dinástica.

O matrimonio de Isabel de Castela, pretendente ao trono castelán ocupado polo seu irmán Henrique IV, e Fernando de Aragón, fillo e herdeiro de Xoán II de Aragón, en 1469 foi o primeiro paso no nacemento da monarquía española. Isabel accedeu ao trono castelán á morte do seu irmán (1475). Porén, a **guerra civil** que enfrontou aos seus partidarios cos da filla do monarca falecido, Xoana a Beltranexa, apoiada por Afonso V de Portugal, prolongouse ata 1479. A vitoria isabelina coincidiu co ascenso de Fernando ao trono aragonés tras a morte do seu pai. Uníanse así as Coroas de Castela e Aragón, pero tratouse, ante todo, dun **vínculo persoal e dinástico** e non implicou a integración política dos respectivos reinos. Cada un deles mantivo a súa personalidade, con leis, costumes, moedas e institucións propias e diferenciadas. Conserváronse tamén as fronteiras e as alfándegas entre eles.

Aínda que na Corte real e no exterior se foi impoñendo o título de *reis de España* e aínda que fusionaron o seu escudo (as frechas de Isabel e o xugo de Fernando), cada monarca mantivo os seus títulos tradicionais. Para gobernar os seus reinos acordaron (*Concordia de Segovia*, 1475) repartirse as competencias e administrar conxuntamente os territorios como co rexentes consonte o lema "*tanto monta, monta tanto*".

Á morte de Isabel (1504), os seus títulos e posesións pasaron formalmente á súa filla Xoana, logo incapacitada, e non a Fernando. Tras a morte deste (1516), dous rexentes, o cardeal Cisneros en Castela e o arcebispo Afonso en Aragón, dirixiron as respectivas coroas ata a chegada de Carlos, fillo de Xoana, e a súa proclamación como soberano de Castela e Aragón (1517), consolidando a unión dinástica.

Mentres, producíase a incorporación á Coroa de Castela dos reinos de Granada (1492), completamente asimilado, e Navarra (1512), que conservaría o seu dereito e institucións particulares ata o final do Antigo Réxime.

Nesta monarquía composta, a hexemonía de Castela era evidente por diferentes razóns: peso demográfico, dinamismo económico, maior integración xurídico-institucional, consolidación da autoridade real. Por isto sería tamén a protagonista e beneficiaria da expansión territorial emprendida pola monarquía (Granada, Navarra, norte de África, Canarias, as Indias).

A reorganización político-administrativa.

Sobre a esta base territorial e institucional, os Reis Católicos levaron a cabo numerosas medidas orientadas a conseguir unha administración máis eficaz e, sobre todo, a reforzar o poder real, o que esixía recortar a autonomía das cidades, a intervención das Cortes e o poder da nobreza e da Igrexa. Empezaron unha ampla reorganización político-administrativa, especialmente intensa en Castela, que sentou as bases dun Estado moderno:

- **Reforzamento dos Consellos:** Reformouse o Consello Real de Castela (1480), convertido no principal órgano consultivo e de goberno, e profesionalizouse a institución ao introducir nela letrados de formación xurídica, reducindo a influencia nobiliaria no organismo. Creáronse tamén novos consellos para atender ao goberno dos restantes territorios (Navarra, Aragón, Indias) e a determinadas funcións da monarquía (Inquisición, Ordes Militares, Cruzada).
- **Creación de novos cargos:** Os **secretarios reais**, funcionarios con formación xurídica que servían de enlace entre os monarcas e os consellos, adquiriron un notable ascendente. Nos territorios nos que os monarcas non estaban presentes eran representados polos **vicereis**. Nas cidades castelás de reguengo xeralizouse a figura do **corrixidor**, representante do monarca encargado do manter a orde, impartir xustiza e supervisar a administración municipal. Na Coroa de Aragón, Fernando

interveu constantemente no goberno das cidades e xeralizou a *insaculación* (designación por sorteo dos principais cargos municipais).

- **Reforma da Facenda:** A administración fiscal pasou a depender de dous novos organismos, as *Contadurías Maiores de Facenda* (supervisión de gastos e ingresos) e *Contas* (xestión). Os recursos da Coroa acrecentáronse coa mellora da xestión, a incorporación do mestrado das Ordes Militares e algunhas concesións papais (terzas reais, bula de Cruzada).
- **Reorganización do sistema xudicial:** Reforzouse a xustiza real establecendo unha xerarquía que comezaba polos corrixidores a nivel local, continuaba nas Audiencias (Galicia, Sevilla) e Chancelarías (Granada, Valladolid) e remataba no Consello de Castela, última instancia xudicial. En Aragón, este papel foi asignado ás Audiencias (Zaragoza, Barcelona, Valencia).
- **Establecemento da Santa Irmandade** (1476), un corpo armado pagado polos concellos e encargado do mantemento da orde e a persecución dos delitos.
- **Creación do núcleo dun exército profesional e permanente**, que se convertería nun instrumento clave da política exterior da monarquía.

Nunha monarquía tan diversa, o catolicismo converteuse nun factor importante de unidade. Por iso, a **política relixiosa** dos reis católicos tendeu a uniformación. O Tribunal da Inquisición, establecido por concesión papal en 1478 para a persecución da herexía, converteuse nun eficaz instrumento represivo e un medio para o reforzamento do poder real. Ademais, a súa xurisdición abranguíu tanto a Castela como Aragón.

Xudeus e musulmáns foron vítimas desta política. O **decreto de expulsión dos xudeus** (1492) forzou a marcha dunhas 70.000 persoas e a conversión doutras 50.000. Estes **xudeoconvertidos** habían ser vítimas de discriminación por parte dos cristiáns vellos e da persecución inquisitorial. Con respecto aos **musulmáns**, impúxose dende 1500 unha **política de conversión forzosa**, incumprindo o estipulado nas capitulacións de Granada (1492). Os que non aceptaron o bautismo foron expulsados. Os que quedaron -a maioría- foron alcumados **mouriscos**. Aparentemente acadárase o obxectivo de conseguir un Estado homoxéneo dende o punto de vista relixioso.